



Concello de Vigo

ASSA/1101

DATA
21/04/17PSG
PSOE

Grupo Municipal Socialista de Vigo

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VIGO

MOCIÓN, que presenta D. Jaime Aneiros Pereira, en nome propio e en representación do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, para a súa inclusión na orde do día do vindeiro Pleno do Concello de Vigo, para o seu debate e aprobación se procede.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos tempos obsérvase como o país veciño capta empresas localizadas en Vigo utilizando incentivos fiscais e a posta a disposición de chan industrial de forma gratuita ou a prezos simbólicos.

Esta actuación está prohibida polas normas do Dereito europeo, concretamente o artigo 107 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea proíbe que os Estados concedan axudas, económicas ou de calquera outra modalidade, que falseen ou poidan falsear a competencia nos intercambios comerciais entre Estados e que favorezan a determinadas empresas, producións ou zonas.

A disposición gratuita de chan industrial ou o prezo simbólico do mesmo, a redución de tipos impositivos nos impostos que gravan ás empresas ou aos directivos dos mesmos poden ser exemplos claros de posibles Axudas de Estado incompatibles co dereito comunitario.

Esta cuestión preocupa ao Goberno do Concello de Vigo posto que supón un ataque ao sector produtivo da Cidade e do Área, á vez que tamén merma o desenvolvemento socioeconómico das familias que residen na nosa cidade. Basta un dato para poñer de manifesto esta cuestión: en só dous anos, se deslocalizaron 30 industrias de automoción, metalmecánica e fabricación de elementos de transporte. Estamos falando de sectores - metal, automoción, naval- que forman parte do "ADN" da nosa cidade.

Con todo, as Administracións con competencia na materia - Estatal e Autonómica - permanecen impasibles ante este éxodo de empresas alén da fronteira. Esta inactividad é preocupante por canto non só non se defende a un país ou a unha das áreas económicas más relevantes do noroeste peninsular, como é a de Vigo, senón que tampouco se establecen medidas que poidan facilitar a implantación de empresas ou a ampliación dos seus centros de producción nos nosos polígonos e zonas industriais.

Alén diso, tampouco se dedican esforzos para establecer e realizar unha colaboración leal entre ambos territorios que redunde en beneficio de ambos países e, sobre todo, das empresas e os cidadáns que viven a ambos os dous lados da fronteira.

Igualmente, tampouco se defendeu á cidade nin aos seus sectores produtivos cando se realizaron algunas manifestacións altisonantes por responsables públicos do país veciño que descualifican ao noso aeroporto e, polo tanto, á nosa cidade.



Concello de Vigo

PSG
PSOE



Grupo Municipal Socialista de Vigo

Este apoio á cidade e á súa contorna tamén o é aos traballadores posto que a rebaixa de salarios prexudica as posibilidades de desenvolvemento persoal e social das persoas que, sen que existan motivos para iso, vense involucradas nunha competencia de salarios mínimos

Por todo o exposto, propónse o seguinte

ACORDO:

Primeiro. Solicitar ao Goberno de España e á Xunta de Galicia que adopten medidas legais para impedir o uso de incentivos prohibidos polo Dereito da Unión Europea, incompatibles coas regras da libre competencia e contrarios á cooperación leal que debe imperar na Euroregión Galicia-Norte de Portugal

Segundo. Que se establezan medidas para fortalecer a Vigo e á súa área de influencia como o principal polo económico do sur de Galicia.

Vigo, a 21 de abril de 2017

Asdo. Jaime Aneiros Pereira
Grupo Municipal Socialista